

## ***O SANTUARIO DO S. BENITO DE FERREIRA (PÍGARA, GUITIRIZ, LUGO)***

AUTOR: José Manuel BLANCO PRADO.

[Artigo publicado en *O camiño*, Asociación de amigos do Camiño de Santiago, El Progreso, Lugo, 12-5-1997]

### **O SANTUARIO DO S. BENITO DE FERREIRA ( PÍGARA-GUITIRIZ).**

#### ***1. A LOCALIZACIÓN.***

O santuario está situado no lugar de Ferreira, pertencente a parroquia do S. Pedro de Pígara, municipio de Guitiriz, diocese de Mondoñedo-O Ferrol.

O seu carón pasa o camiño xacobeo do norte, que a nivel provincial procede da vila de Ribadeo e continua polos municipios de Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Vilalba, Begonte, Guitiriz e Friol.

#### ***2. ALGÚNS RASGOS ARTÍSTICOS.***

Este santuario é unha capela feita no século XVII sobre outra anterior. Ten un pórtico con columnas de pedra e celosías no muro dereito da capela maior. Porta



principal con arco alintelado e unha espadana sinxela. No seu interior hai unha nave, arco triunfal e presbiterio. Dúas tallas de madeira: unha do século XVII representa á Nosa Señora co neno e tres anxos nunha peana e a outra, popular, refírese ó S. Benito de Nursia<sup>1</sup>.

*A imaxe do S. Benito*

#### ***3. A FESTIVIDADE E PROCEDENCIA DOS DEVOTOS.***

O día vinteseite de setembro celébrase a festividade do S. Benito. Veñen devotos non só da parroquia na que se ubica o santuario senón tamén doutras parroquias como Pacios, Soaxe, Belesar, S. Bartolomé de Insua, Torre, S. Xoán de Alba, Baamonde, Parga...

#### ***4. PETICIÓNS.***

Os devotos piden axuda ó santo por un dobre motivo:

- a. Protexer e curar as doenzas do gando vacún e porcino.

---

<sup>1</sup>.- SANTOS S. CRISTOBAL, Sebastián.- Inventario Artístico de Lugo y su provincia. T.V, 1983, p. 61.

b. Curar algunhas doenzas humanas relacionadas coa pel: verrugas, eczemas...

## 5. RITUAIS.

Os devotos levan a cabo unha serie de rituais no santuario no intre en que fan a petición ou unha vez conseguida a mesma.



*Imaxe para “poñer o santo”*

### 5.1. A CELEBRACIÓN DE MISAS.

Antano o día anterior á festividade celebrábase unha misa para bendicir o gando. O día vinteseite ofíciase unha misa ó mediodía concelebrada polo crego da Torre (Vilalba), que é o rector do santuario, e outros dous cregos de parroquias limítrofes. Na década dos oitenta, cando o rector era D. Xesús Vázquez, celebrábanse misas toda a mañá.

### 5.2. RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN.

Algúns devotos percorren o perímetro do santuario con exvotos de cera e unha imaxe pequena do santo.

### 5.3. RITUAL PROCESIONAL.

Despois da misa solemne sae a procesión que percorre o perímetro do santuario. Nela interveñen as imaxes do S. Benito e da Nosa Señora, que son levadas en andas por devotos ofrecidos de ámbolos dous sexos.



*Ritual procesional*

### 5.4. RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA IMAXE ESTÁTICA.

Algúns devotos tocan o manto do santo cos seus panos e logo pásanos pola cara e outras partes do corpo cunha finalidade profiláctica e curativa.

### 5.5. RITUAL DE POÑE-LO SANTO.

Un fregués da parroquia é o encargado de facer, cunha imaxe pequena do santo, unha cruz por riba da cabeza dos devotos, mentres recita a seguinte xaculatoria.

*"Por tu corazón bendito  
santo del rostro moreno  
de todo infernal veneno  
líbranos santo bendito".*



*Ritual de poñer o santo*

## **5.6. RITUAL DA FONTE.**

A carón do santuario hai unha fonte chamada "fonte do santo", na que noutrora os devotos mollaban os seus panos e logo pasábanos por aquelas partes dos seus corpos doentes.

## **6. OFRENDAS.**

Aparte destes rituais, os devotos ofrecen misas. Na década dos oitenta ofrecíanse unhas cen misas. O seu prezo foi oscilando nos últimos anos de cincocentas ptas., a oitocentas.



Candeas que se colocan nun lampadario, que se atopa na parte dereita da nave.

Esmola en metálico ó poñe-lo santo e nos petos que se atopan no santuario.


*Petitorio de S. Benito*

Exvotos de cera que representan algúns corpos de animais: vacas e cochos preferentemente.

Exvotos de cera que simbolizan o corpo humano e algunhas das súas partes: mans, pernas, cabezas...

Antano os devotos ofrecían produtos do cocho: cacholas, dentes, lingoas, unllas e cereais que se poxaban ó rematar os oficios relixiosos.

Por outra banda, preto do santuario e a carón da estrada nacional A Coruña-Santander hai un petitorio adicado ó S. Benito, que foi restaurado nos últimos anos.



*Confesionario antigo*

## **7. BIBLIOGRAFÍA. Tralaballo de campo do autor.**